

CONVOCATORIA PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO COMPLEMENTARIA DO ANO 2017 EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE E DE PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE

O Consello de Goberno do 28/11/2017 aprobou unha Oferta Complementaria de Emprego Público (OEP) de PDI para o ano 2017, que foi autorizada pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia o 5 de decembro de 2017. O Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público, aprobado polo Consello de Goberno do 27/04/2017, permite determinar a prelación de áreas para as convocatorias de prazas de Catedrático/a de Universidade e Titular de Universidade correspondentes a cada OEP.

A disposición adicional primeira do regulamento mencionado, habilita á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para realizar a correspondente convocatoria co fin de que o profesorado Titular de Universidade e Catedrático de Escola Universitaria, interesado en acceder ao corpo de Catedráticos/as de Universidade, solicite a creación dunha praza na súa área de coñecemento. De igual xeito procederáse co profesorado Contratado Doutor, interesado en acceder ao corpo de Titulares de Universidade. En virtude desa habilitación resólvese realizar a presente convocatoria de acordo coas seguintes bases.

Bases da convocatoria

1. Normas xerais

O obxectivo desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento na que se realizará a convocatoria pública dos concursos de acceso aos corpos de Catedrático de Universidade (3 prazas) e Titular de Universidade (2 prazas) correspondentes á Oferta de Emprego Público complementaria do ano 2017 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña.

Este procedemento rexeráse polo Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña (aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017), a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os Estatutos da Universidade da Coruña e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Empregarase o correo electrónico institucional da UDC de cada persoa interesada para as comunicacións en relación co desenvolvemento deste procedemento.

2. Requisitos das persoas candidatas

2.1. Concursos de Catedrático de Universidade

Para ser admitido/a no presente procedemento, os/as aspirantes que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas de Catedrático de Universidade deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Ter a condición de Titular de Universidade ou Catedrático/a de Escola Universitaria con praza en posesión na Universidade da Coruña e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo esta condición.

Código Seguro De Verificación	hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	13/12/2017 13:06:40
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==		



- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Catedrático/a de Universidade

2.2. Concursos de Titular de Universidade

Para ser admitido/a no presente procedemento, os/as aspirantes que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas de Titular de Universidade deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Estar contratado/a pola Universidade da Coruña coa categoría de Contratado/a Doutor/a
- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Profesor/a Titular de Universidade

3. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como anexo a esta convocatoria e dirixiranse ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da Universidade da Coruña. Os/as interesados/as autorizan á Universidade da Coruña a publicar, só para os efectos desta convocatoria, os datos relativos a súa antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e da data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Catedrático/a de Universidade ou Titular de Universidade.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **8 días hábiles** contados dende o día seguinte a publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral, nos Rexistros Auxiliares (Campus de Elviña e de Ferrol) ou na Sede Electrónica da Universidade da Coruña, ou de acordo coas restantes formas previstas na Lei 39/2015. As solicitudes que se presenten a través das Oficinas de Correos deberán ir en sobre aberto para que o/a empregado/a de Correos poda estampar nelas o selo de datas antes da súa certificación. As solicitudes no estranxeiro poderanse cursar a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Coa instancia achegarase necesariamente unha copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Catedrático de Universidade ou Titular de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA do resultado favorable da solicitude de acreditación.

En aplicación do artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas interesadas que participaron na Convocatoria para o establecemento das listaxes de prelación para a execución das ofertas de emprego público dos anos 2016 (do 05/09/2016) e 2017 (do 20/06/2017), non están obrigadas a presentar a copia simple do certificado de Acreditación Nacional. Estas persoas deberán presentar en prazo, en calquera caso, a solicitude que figura como Anexo desta convocatoria.

4. Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de persoas admitidas e excluídas que solicitaron a convocatoria na súa área de coñecemento dunha praza de Catedrático/a de Universidade ou de Titular de Universidade. Esta relación publicarase na Sede Electrónica da UDC.

Código Seguro De Verificación	hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	13/12/2017 13:06:40
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==		



A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todas as persoas que presentaran unha solicitude, empregando o correo persoal institucional da UDC, a prelación provisional na que se incluírán os datos relativos á antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e á data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Catedrático de Universidade ou Titular de Universidade.

Contra dita resolución las persoas interesadas poderán presentar reclamación ante o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, no prazo de **5 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, comunicarase polos mesmos medios a prelación definitiva das persoas candidatas.

5. Criterios para o establecemento da prelación

Coas solicitudes que cumpran os requisitos de participación a vicerreitoría realizará a prelación correspondente tendo en conta os seguintes criterios:

- A primeira orde establecerase tendo en conta a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades que é o mesmo que o da data de reunión da Comisión de Acreditación correspondente segundo a rama de coñecemento. Nas acreditacións emitidas trala entrada en vigor do Real Decreto 415/2015, terase en conta a data da resolución da Comisión de Acreditación. Terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga.
- No caso de empate na data de acreditación, terán prioridade as persoas candidatas que contén con maior antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña.

Para establecer a antigüidade na UDC sumaranse todos os períodos no que o/a docente tivese vinculación funcional, administrativa ou laboral coa UDC dentro das figuras docentes (tanto dos corpos docentes universitarios como das categorías de persoal docente laboral ou administrativo) establecidas nas leis que veñen regulando a Universidade española, e que así estean recoñecidas no seu expediente persoal que consta no Servizo de PDI. Inclúese a antigüidade como persoal docente recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG do 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e a antigüidade recoñecida no seu expediente persoal nos programas de formación postdoutoral. Non se incluírán os períodos que poidan existir en calquera figura de persoal investigador en formación.

O resultado da antigüidade exprésarase en anos, meses e días en relación a data de finalización de presentación de solicitudes. No caso de empate terá prioridade o primeiro en acceder a un dos corpos ou categorías.

- Á vista do resultado da prelación na convocatoria do 20/06/2017 para as prazas de Catedrático/a de Universidade, e de acordo co establecido no Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público, a prelación correspondente a esta convocatoria complementaria deberá priorizar unha praza na rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas. Non existirá ningunha restrición de rama na asignación das restantes prazas. Estas ramas serán as establecidas no Anexo I sobre "*Comisións de acreditación e áreas de coñecemento asignadas a cada unha delas*" do Real decreto 1312/2007, de 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, modificado polo Real decreto 415/2015, de 29 de maio.

Código Seguro De Verificación	hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	13/12/2017 13:06:40
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==		



Este límite non será de aplicación para a prelación das prazas de Titular de Universidade.

6. Norma final

O resultado desta convocatoria comunicarase aos Departamentos afectados polas convocatorias das prazas, para que realicen os trámites correspondentes sobre a convocatoria de prazas dos corpos docentes universitarios.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informará ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá o/a interesado interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña

A Coruña, 13 de decembro de 2017

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	13/12/2017 13:06:40
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hXWMEPuZlQxSjZfCdVka0A==		





ANEXO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO COMPLEMENTARIA DO ANO 2017 EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE E TITULAR DE UNIVERSIDADE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

APELIDOS, NOME DO/A PROFESOR/A :	DNI:
CATEGORÍA ACTUAL:	
DATA DA ACREDITACIÓN NACIONAL DE TITULAR DE UNIVERSIDADE:	
DEPARTAMENTO:	
ÁREA DE COÑECEMENTO:	

2. SOLICITUDE

<p>Solicito a convocatoria dunha praza de:</p> <p><input type="checkbox"/> Catedrático/a de Universidade <input type="checkbox"/> Titular de Universidade</p> <p>Segundo as disposicións contidas no Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña (Aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017).</p> <p>Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:</p> <p><input type="checkbox"/> Copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Catedrático de Universidade/Titular de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA do resultado favorable da solicitude de acreditación. <input type="checkbox"/> Non estou obrigado a presentar a acreditación ao ter participado na convocatoria do ano 2016</p> <p>A Coruña/Ferrol, ____ de ____ de 2017</p> <p>Sinatura</p>

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA